



# MUIÑOS DO FOLON E PICÓN

Club de Montaña O Carroucho

1 de Xuño de 2013

Esta pequena ruta faranos gozar dun atractivo percorrido polos coñecidos muíños do Picón e do Folón, hoxe declarados Bens de Interese Cultural. Estas construcións, situadas dentro deste municipio de fermoso e fragante nome, aséntanse nas abas empinadas do Campo do Couto, que serven de magnífico miradoiro sobre o val do Rosal.

Os muíños destacan pola imponente marabilla de enxeñaría tradicional que amosan, así como polo seu aparentemente fráxil equilibrio sobre as costas

onde se atopan. Ademais a súa contorna, coidada con esmero, permite ver multitude de especies vexetais



especialmente favorecidas pola bonanza do microclima da zona. A pesares de isto temos que dicir que abunda o eucalipto en todo o percorrido.

Na procura dos antigos sons das moas e dos rodicios, os camiñantes poderán acadar, dende as alturas, unhas magníficas vistas de singular beleza sobre o monte Santa Tegra e sobre o Miño.

Os muíños aproveitan a caída da auga do río Cal, canalizado no seu día polo home, para formar os regatos do Picón e Folón, afluentes do río Carballas-Tamuxe. Estes 60 muíños, 35 no Picón e 25 no Folón, están colocados preto un sobre outro salvando un desnivel duns 175 metros de altura. O máis antigo deles data do ano 1700.

Despois de percorrer o tramo de camiño ata o Picón de volta, achegarémonos á ermida de San Martiño, de

*Lembrámosvos que esta actividade só inclúe o seguro de transporte*

## Datos Básicos

Comezo: A Ponte das Penas  
Remate: A Ponte das Penas  
Distancia lineal: 19 km.  
Duración aproximada: 7 horas  
Dificultade: Media  
Altura máxima: 564 m  
Altura mínima: 112 m  
Acumul.:  $\uparrow$ 641 m /  $\downarrow$ 641 m

planta rectangular e escaso nivel decorativo exterior. Tan só dous pináculos e unha cruz adornan a igrexa na parte central. Podería datar do século XVIII, aínda que a vulgar polos seus muros de cachotaría ben poderíamos dicir que se remonta a uns séculos máis atrás. O máis negativo pode ser o pórtico branco engadido recentemente pola súa parte frontal.

A partires deste punto a ruta segue por coidados camiños do monte A Cruz do Carqueixeiro, cheos de

piñeiros e flora autóctona.




Acadaremos uns muíños abandonados preto do río Cal e continuaremos camiño do litoral da costa atlántica onde atoparemos un miradoiro, no monte de Valga, sobre o mosteiro cis-

terciense de Santa María de Oia.

Só nos queda camiñar en paralelo á costa atlántica en dirección sur admirando a beleza do lugar, a poza dos corvos, ata acadar o punto xeodésico de Campo do Couto, máxima altura da ruta, 564m.

A partires deste punto a ruta cambia de dirección cara ao leste en suave descenso de novo cara ao val do Rosal. Polo camiño poderemos ver o río Miño, a ribeira portuguesa, Caminha e os montes Tegra e Torroso. Retornaremos ao val do Folón, punto final da ruta, na Ponte das Penas.



**Próxima cita:**  
**29 Xuño**  
**Churrascada**



**O Carroucho**  
[www.carroucho.org](http://www.carroucho.org)